

EXPEDIENTE:	2026/00031637G
PROCEDEMENTO:	Xestión de subvencións nominativas

PROPOSTA DE CONVENIO

CONVENIO ENTRE A COORDINADORA GALEGA DE ONG PARA O DESENVOLVEMENTO E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O ANO 2026.

Dunha parte, D^a María Rozas Pérez, Concelleira de Dereitos e Servizos Sociais, Promoción Económica e Xuventude, por Decreto da Alcaldía de data 17 de xuño de 2023

Doutra parte, D^a María Paz Gutiérrez, con documento nacional de identidade número 35.305.949Y, representante legal da **COORDINADORA GALEGA DE ONG PARA O DESENVOLVEMENTO**, con domicilio social en Santiago de Compostela na Rúa República del Salvador, nº 3 - 2ºD, 15701 Santiago de Compostela, con CIF G-15369002, como entidade sen ánimo de lucro inscrita no rexistro central de asociacións da Xunta de Galicia co número 2001/000018-1 e no Rexistro Municipal de Asociacións co número 442.

Interveñen ambas coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren e

a)

b) **EXPOÑEN**

- I. Que o presente convenio regularase polo disposto na Lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, e polo definido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- II. Que o ao abeiro do disposto no artigo 25.2.e da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Concello de Santiago de Compostela é competente en materia de información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.
- III. Que son os convenios o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, segundo se establece especificamente nos artigos 47.2.c e 48.7 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, no artigo 28 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, así como, de forma específica no artigo 31.10 das Bases de execución do orzamento municipal.
- IV. O Concello de Santiago para levar a cabo coa colaboración da Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento o obxecto deste convenio, estará ao previsto nas Bases de execución do orzamento do Concello de Santiago de Compostela para o ano 2026, que de acordo co establecido nelas achegará a

cantidade de **DEZANOVE MIL euros (19.000 €)** con cargo á aplicación orzamentaria **020 23103 4800001**.

É, polo que as partes

c) MANIFESTAN

Que a **COORDINADORA GALEGA DE ONG PARA O DESENVOLVEMENTO** conforme ao artigo 3.1. apartados a e b dos seus estatutos ten como fins os seguintes:

- a. Cooperar para promover o desenvolvemento humano sostible, a defensa dos dereitos humanos, a equidade de xénero e a xustiza social particularmente nas comunidades máis empobrecidas, contribuíndo á consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable a través da coherencia de políticas.
- b. Desenvolver actividades de Educación para a Cidadanía Global, dende a sensibilización, incidencia política, mobilización ou investigación; sobre temáticas vinculadas co desenvolvemento sustentable e a defensa dos dereitos humanos (migracións, medio ambiente, consumo responsable, feminismos, acción humanitaria, etc).

Para a consecución destes fins a **COORDINADORA GALEGA DE ONG PARA O DESENVOLVEMENTO** pode, segundo o previsto no artigo 3 dos seus estatutos, no exercicio da súa propia actividade, desenvolver proxectos para a consecución dos seus obxectivos e realizar cantas actuacións sexan conducentes cara ao mellor logro dos seus fins.

- I. Que o Concello de Santiago considera importante establecer acordos de colaboración coa mencionada entidade co fin de garantir dar estabilidade á colaboración que se ven producindo entre ambas as dúas entidades, dado que a complexidade dos problemas do colectivo de persoas migrantes (inmigrantes e emigrantes retornados) require a implicación de distintos colectivos no camiño de conseguir a xustiza e a igualdade social. En consecuencia,

d) CONVEÑEN

PRIMEIRO.- OBXECTO É obxecto deste convenio subvencionar parte dos gastos necesarios para que a **COORDINADORA GALEGA DE ONG PARA O DESENVOLVEMENTO** desenvolva durante o ano 2026 o seguinte Proxecto **COMPOSTELA+SOLIDARIA**, O proxecto COMPOSTELA+SOLIDARIA é un conxunto de actividades de sensibilización enfocadas a promover a reflexión sobre as realidades migratorias, poñendo en valor a interculturalidade, ao tempo que se promove a co-responsabilidade social na construción dun mundo máis xusto.

Aproveitando a plataforma que supón Compostela máis Solidaria afondarase no valor da diversidade que aportan á nosa sociedade as persoas migrantes e os valores da cooperación, que conectan tamén con moitas vivencias que este colectivo ten nas súas países de orixe.

A mellor maneira na que as persoas podemos entender, coñecer e empatizar é dende a información veraz sobre realidades que distan moito das nosas, e coas accións plantexadas neste convenio estamos en disposición de ofrecerlle á cidadanía esa

información. Ben sexa a través de formatos puramente informativos como de propostas artísticas que, a través de distintas disciplinas, nos conectan de maneira emocional coas vidas migrantes forzosas e refuxiadas. A presente proposta pretende poñer en marcha:

Actividades do proxecto

Actividade 1. Campaña de comunicación

Datas: marzo-xuño de 2026

Lugar: canles dixitais e medios de comunicación

Breve descrición da actividade:

Todas as propostas de Compostela máis Solidaria teñen un forte compoñente comunicativo e divulgativo, polo que a súa comunicación ten entidade suficiente como para ser unha actividade en si mesma, transversal a toda a execución do proxecto.

A partir da imaxe identitaria de Compostela máis Solidaria crearanse tanto materiais divulgativos físicos (materiais de papelería -libretas, marcadores de páxinas,...- de agasalho con información engadida, cartaces, sinalética, ...) como dixitais, que terán como obxectivo difundir as actividades e, moi especialmente, os valores e os obxectivos de Compostela máis Solidaria.

Dende os proxectos de cooperación apoiados polo Concello de Santiago (Compostela co Sur Global) pasando polos obradoiros da Escola de Activismos ou a exposición de mulleres de Palestina. Todo será debidamente comunicado para facilitar a participación cidadá, pero tamén para evidenciar e visibilizar o compromiso do Concello cos dereitos humanos e, especialmente, coas persoas migrantes, refuxiadas e racializadas. Para isto, establecerase contacto con xornalistas e medios de comunicación da cidade, garatindo alomenos neste eido unha difusión ampla das actividades do programa.

En todos os materiais -físicos, dixitais e textuais- sinalarase debidamente a implicación da UAMI e do Concello de Santiago e potenciarase o valor identitario de Compostela máis Solidaria.

Medios persoais e materiais empregados:

- Persoal contratado da Coordinadora e asignado ao proxecto (técnica de sensibilización e comunicación) que fará todas as labores de coordinación e produción necesarias para identificación de relatoras, organización da actividade, xestións relacionados e tarefas de comunicación.
- Profesionais especializados (apoio audiovisual, deseño gráfico)
- Materiais complementarios (cartelería, etc,...)
- Organizacións colaboradoras

Descrición dos obxectivos:

- Visibilizar e poñer en valor a aposta do Concello de Santiago polos dereitos humanos, por unha sociedade diversa e por unha cidadanía comprometida e crítica.
- Difundir as actividades programadas para facilitar a participación cidadá
- Difundir a filosofía de Compostela máis Solidaria e das súas actividades
- Conectar con novos públicos e consolidar os existentes

Lugar/es e data/s de realización da actividade (indicar mes no que comeza e remata):

A comunicación desenvolverase en paralelo ás actividades e ás súas necesidades, entre os meses de marzo e xuño, ampliable de ser preciso a xullo, agosto e setembro.

Actividade 2. Compostela co Sur Global

Datas: Maio de 2026

Lugar: Casa das Máquinas

Breve descrición da actividade:

Encontro aberto á veciñanza no que explicar de maneira directa e próxima a cooperación ao desenvolvemento e a relación do Concello de Santiago con este ámbito, a través dos proxectos financiados pola última convocatoria da subvención de cooperación impulsada dende a Concellería de Dereitos Sociais.

Para iso organizarase unha **xornada con varias actividades dirixidas a públicos diversos**, entre elas **varios escoitadoiros (conversas e charlas)** sobre temas vinculados aos eixos principais de traballo dos proxectos de cooperación apoiados polo Concello de Santiago, nas que participarán de modo destacado organizacións do Sur Global (en liña) e, de maneira presencial organizacións galegas relacionadas con ditos proxectos, de tal xeito que as persoas que asistan poidan ter un coñecemento amplo, veraz e de primeira man de que é a cooperación ao desenvolvemento e de como traballan as ONGD galegas.

Estas conversas e charlas completaranse con actividades de perfil máis lúdico orientadas a público mozo e familiar, como unha **sesión de curtas** -en diálogo co público, na que se priorizarán contidos relacionados con migración, interculturalidade e respecto á diversidade- e o **espectáculo de contacontos “Historias dun mundo grande”**, que, a través de contos tradicionais, explica por unha banda que é a cooperación ao desenvolvemento e, por outra, afonda en conceptos como a interculturalidade e a solidariedade.

Así, establecerase un programa de actividades de tarde cunha estrutura baseada nesta proposta inicial:

16:00 Benvida

16:15 Charla 1. OGND galegas sobre os dereitos que abordan os seus proxectos (vivenda, saúde, soberanía alimentaria, etc,...)

16:45 Charla 2. OGND galegas sobre aprendizaxes comúns

17:15 Escoitadoiro: Compañeiras do Sur Global (experiencias de mulleres vinculadas a proxectos de cooperación nos países nos que traballa a cooperación galega)

18:00 Contacontos “Historias dun mundo grande”

Apertura de servizo de pausa-café

19:15. Sesión de cinema

20:00. Despedida

As persoas que asistan recibirán materiais divulgativos sobre os proxectos e organizacións de cooperación ao desenvolvemento participantes nas charlas.

Trátase dunha actividade divulgativa e de sensibilización, pero -no que respecta aos proxectos que protagonizarán as conversas- tamén de rendición de contas.

Por iso, ademais de estar especialmente indicada para as persoas que forman parte do Consello Municipal de Cooperación ao Desenvolvemento e vinculadas á administración local, convidarase a outros públicos, como organizacións próximas do

terceiro sector e colectivos profesionais, abrindo o convite a veciñanza e familias a través das actividades lúdicas complementarias.

Medios persoais e materiais empregados:

- Espazo presencial para a actividade (Casa das Máquinas)
- Persoal contratado da Coordinadora e asignado ao proxecto (técnica de sensibilización e comunicación) que fará todas as labores de coordinación e produción necesarias para identificación de relatoras, organización da actividade, xestións relacionados e tarefas de comunicación.
- Profesionais especializados (apoio audiovisual, sonorización sala, servizo de cinema, contacontos, etc,...)
- Relatoras convidadas (organizacións galegas receptoras de subvención e contrapartes)

Descrición dos obxectivos:

- Visibilizar e poñer en valor a aposta do Concello de Santiago pola cooperación a través da súa subvención a proxectos de desenvolvemento
- Visibilizar as organizacións e movementos sociais do Sur Global
- Informar de maneira clara e próxima dos proxectos: porqués, entidades socias, metodoloxías de traballo e obxectivos
- Conectar organizacións de cooperación con outras organizacións da cidade e cidadanía en xeral
- Xerar un espazo de encontro con veciñanza e familias arredor do respecto á diversidade e os dereitos humanos

Lugar/es e data/s de realización da actividade:

Compostela co Sur Global desenvolverase en maio de 2024, en horario de tarde para facilitar tanto a participación en liña de organizacións do Sur Global como a asistencia dun número amplo de público.

Actividade 3. Escoitadoiro: Que pasa cando se reduce a axuda oficial ao desenvolvemento?

Datas: Maio de 2026

Lugar: Colexio Maior San Agustín

Breve descrición da actividade:

Encontro de pequeno formato aberto á veciñanza no que explicar, de xeito próximo, en que se traducen os recortes na axuda oficial ao desenvolvemento aplicados por varios países nos últimos tempos. Esta charla desenvolverase en colaboración coa ONGD Entreculturas.

Medios persoais e materiais empregados:

- Espazo presencial para a actividade (Colexio Maior San Agustín)
- Persoal contratado da Coordinadora e asignado ao proxecto (técnica de sensibilización e comunicación) que fará todas as labores de coordinación e produción necesarias e tarefas de comunicación.
- ONGD Entreculturas, encargada de xestionar espazo e relatoras
- Relatoras convidadas (profesionais do eido da cooperación con experiencia e relevancia suficiente para abordar estas cuestións)

Descrición dos obxectivos:

- Visibilizar e poñer en valor a aposta do Concello de Santiago pola cooperación a través da súa subvención a proxectos de desenvolvemento

- Visibilizar de xeito claro como decisións políticas locais acadan un impacto internacional que repercute na vida das persoas
- Sensibilizar sobre a necesidade de cooperar dende o local

Lugar/es e data/s de realización da actividade):

O Escoitadoiro desenvolverase en maio de 2024, en horario de tarde.

Actividade 4. Exposición Mulleres de Gaza

Datas: setembro de 2026

Lugar: Preferentemente un espazo público e, de non ser posible, un espazo privado adecuado á temática e mensaxe da exposición, previamente consensuado co Concello.

Breve descrición da actividade:

A exposición recolle as **acuarelas realizadas por Nour Abu Rayan e Anwar Abu Rayan**, dúas irmás da zona de Hebrón que traballan coa organización PSCCW (Psychosocial Counseling Center for Women), socia en Palestina da ONGD Asemblea de Cooperación pola Paz.

Ambas son supervivintes de violencias e recollen nas súas obras unha visión persoal, emotiva e impactante dos meses de ataques sobre a poboación civil. A súa obra amosa a capacidade da arte como ferramenta de transformación social e como canle para sandar, ou alomenos aliviar, os traumas e as feridas, tanto propias como colectivas.

A exposición, que estará por primeira vez en Galicia no marco de Compostela máis Solidaria, é tamén unha maneira de manter á veciñanza conectada coa situación que segue a vivir o pobo palestino e de coidar a solidariedade que a cidadanía compostelá ten manifestado en diversas ocasións, poñendo en valor o papel das mulleres na sociedade civil palestina.

A exposición, ofrece 20 acuarelas orixinais, acompañadas da explicación das autoras. A exposición contará cunha inauguración na que participarán organizacións de cooperación galegas con presenza en Palestina -e por tanto coñecedoras das condicións da poboación no día a día- e colectivos e veciñanza palestina. Tratarase de facilitar se as condicións o permiten a participación en liña de traballadoras de organizacións palestinas no territorio. A participación das autoras queda descartada, debido ás súas condicións persoais de vulnerabilidade e necesidade de protección. Arredor da exposición celebraranse actividades complementarias, como pequenos obradoiros, proxeccións, conversas e un encontro coa xornalista Teresa Aranguren, autora do libro "La existencia negada".

Medios persoais e materiais empregados:

- Espazo presencial para o desenvolvemento da actividade. Debe ter a posibilidade de colgar os cadros
- Persoal contratado da Coordinadora e asignado ao proxecto (técnica de sensibilización e comunicación) que fará todas as labores de coordinación e produción necesarias, xestións relacionadas e tarefas de comunicación.
- Profesionais especializados (transporte e instalación da exposición)
- Relatoras convidadas (para posible charla inaugural)

Descrición dos obxectivos:

- Contribuír ao coñecemento da realidade do pobo palestino e a manter a solidariedade e o compromiso cidadá fronte o xenocidio

- Ofrecer un espazo ao relato en primeira persoa, neste caso a través da arte, das mulleres palestinas
- Contribuír á oferta cultural e artística da cidade
- Posicionar ao Concello e a Compostela máis Solidaria na defensa activa dos dereitos humanos e dos valores democráticos, evidenciando particularmente o compromiso municipal co pobo palestino.

Lugar/es e data/s de realización da actividade:

Esta actividade celebrarase entre os meses de maio e setembro, en función da dispoñibilidade da exposición e dos espazos. Solicitarase un espazo municipal -ou, de non ser posible, privado ou comunitario, previo coñecemento do Concello- adecuado para o desenvolvemento da actividade.

Actividade 5. Obradoiros “Escola de Activismos”

Datas: abril-maio de 2026

Lugar: Centro Xove de Creación Cultural da Almaciga e Casa das Asociacións

Breve descrición da actividade:

Proposta de 4 obradoiros que terán como obxectivo, por unha banda, ofrecer recursos para o relato crítico dende a creatividade, a arte e a tecnoloxía, co obxectivo de dotar á cidadanía -pensando especialmente na mocidade e xuventude- de ferramentas para a expresión persoal e colectiva. Por outra, un dos obradoiros propostos tratará de ofrecer coñecemento sobre algo que afecta á sociedade, do que todos falamos pero que non todos sabemos definir e entender plenamente: a polarización

Os obradoiros estarán impartidos por organizacións e colectivos expertos, referentes nos seus respectivos ámbitos, incorporando a voces do Sur Global que poden proporcionar interesantes aprendizaxes:

- Obradoiro de Hip Hop para o discurso crítico. Yesenia Martínez (Yezli Mic) e Jennifer Rivas (Queen) da [colectiva de mulleres Hip Hop Femenino](#) (El Salvador) impartirán un obradoiro de hip hop como ferramenta para un discurso crítico, en liña coa súa aposta polo rap como ferramenta de resistencia, expresión e organización colectiva. Yezli e Queen estarán en Compostela durante dez días da man da ONGD Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP). A colectiva Hip Hop Femenino é unha das maiores representacións de mulleres neste xénero musical en El Salvador, onde son un referente artístico e político. Traballan de par de diversas organizacións feministas e defensoras de dereitos humanos e promoven, a través da música, o cambio social dende a arte.
- Obradoiro de Relatoría gráfica para a memoria migrante. Impartido pola artista plástica e mediadora cultural Adela Vázquez ([Adela VV](#)), que parte da súa propia vivencia migrante e da experiencia e convivencia en varios países do Sur Global para crear a súa propia obra e ofrecer unha experiencia de aprendizaxe arredor do debuxo como ferramenta para documentar a memoria individual e colectiva.

Este obradoiro estará especialmente dirixido a persoas e colectivos migrantes, atendendo á vinculación de Compostela máis Solidaria coa UAMI, pero o seu enfoque é válido para calquera outro colectivo que se atope no proceso de querer documentar, recoller ou testemuñar a súa memoria. O obradoiro inclúe

materiais de traballo para as participantes e contidos divulgativos para ampliar coñecementos de xeito autónomo.

- Charla panorámica: ciberactivismo dende o territorio. Impartido por Elena Romero, activista do [colectivo Barracón Digital \(Honduras\)](#), de visita no país da man da ONGD Enxeñería sen Fronteiras. Con Elena abordaremos o uso creativo, feminista e libre da tecnoloxía para a creación e a difusión dun relato propio.
- Charla panorámica: como atopar espazo na polarización? Da man do colectivo [More in Common](#), referente internacional nos estudos sociolóxicos arredor de temas que provocan polarización e fractura social. Os seus estudos e conclusións serven como base para as estratexias de comunicación e sensibilización que levan a cabo diversos sectores, entre eles o das ONG. Neste caso, a tomando como referencia o seu recente [Atlas de la polarización en España](#), abordaremos -coa axuda da ONGD experta Ecos do Sur- que é a polarización, en que se materializa e que significa, na práctica e, máis alá do discurso negativo que vai asociado a este concepto, trataremos de ver que espazos nos quedan a organizacións do terceiro sector, activistas de diferentes ámbitos (social, medioambiental, científico, etc,...) e persoas e colectivos que traballan por unha sociedade máis xusta para desenvolver o seu labor e a comunicación do mesmo. Será unha charla en liña con inscrición previa.

Medios persoais e materiais empregados:

- Espazo presencial e dixital para o desenvolvemento das actividades
- Persoal contratado da Coordinadora e asignado ao proxecto (técnica de sensibilización e comunicación) que fará todas as labores de coordinación e produción necesarias para identificación de relatoras, organización da actividade, xestións relacionadas e tarefas de comunicación.
- Profesionais especializados (organizacións especializadas nas materias dos obradoiros)

Descrición dos obxectivos:

- Dotar á veciñanza -especialmente á xente máis nova e/ou vinculada a colectivos minorizados- ferramentas para a creatividade e o discurso propio, sexa individual ou comunitario
- Facilitar unha cidadanía crítica e comprometida

Lugar/es e data/s de realización da actividade :

Esta actividade celebrarase ao longo dos meses de abril e maio nos espazos municipais Centro Xove de Creación Cultural e casa das Asociacións, ademais dunha sesión en liña.

SEGUNDO.- A COORDINADORA GALEGA DE ONG PARA O DESENVOLVEMENTO comprométese a presentar antes da sinatura do presente convenio, para que forme parte do mesmo, a seguinte documentación:

- 2.1.-** Copia da escritura de constitución da entidade; e do poder de representación da mesma.

2.2.- Certificacións oficiais de estar ao corrente nos pagos coa Seguridade Social, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa facenda da Comunidade Autónoma e co Concello de Santiago.

2.3.- Declaración xurada do representante legal da entidade de non estar incurso, a entidade que representa, nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria da subvención establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

2.4.- Copia do CIF da Entidade

2.5.- Impreso selado pola entidade bancaria que corresponda, no que figure a **COORDINADORA GALEGA DE ONG PARA O DESENVOLVEMENTO** como titular e o seu número de conta, no que se faga constar o BIC e o IBAN.

TERCEIRO.- Ademais do anterior, en cumprimento do disposto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, o persoal, colaboradores ou voluntarios da entidade beneficiaria que estean en contacto habitual con menores, non poderán ter sido condenados por sentenza firme por delito algún contra a liberdade e indemnidade sexual, ou a trata de seres humanos. Para tal efecto, estas persoas deberán acreditar ante a entidade beneficiaria, que achegará declaración xurada nese senso, dita circunstancia mediante a presentación de certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais.

CUARTO.- AMBITO TERRITORIAL

O ámbito territorial de desenvolvemento das actividades será o municipio de Santiago de Compostela, sendo este mesmo a área de influencia das persoas destinatarias.

QUINTO.- PERSOAS DESTINATARIAS DAS ACTIVIDADES DO PROXECTO

Persoas destinatarias do proxecto:

Actividade 1. Campaña de comunicación

Tratarase de chegar a un público o máis amplo posible, pero atendendo aos perfís que entendamos máis próximos ás distintas actividades empregaranse distintas fórmulas de comunicación.

Actividade 2. Compostela co Sur Global

Persoas vinculadas á cooperación ou con interese neste ámbito (Consello Municipal de Cooperación ao Desenvolvemento, técnicas municipais, organizacións próximas), organizacións do terceiro sector, colectivos diversos da cidade e veciñanza, para que habrá tamén propostas destinadas especificamente a público familiar.

Actividade 3. Escoitadoiro: Que pasa cando se reduce a axuda oficial ao desenvolvemento?

Persoas vinculadas á cooperación ou con interese neste ámbito (Consello Municipal de Cooperación ao Desenvolvemento, técnicas municipais, organizacións próximas), organizacións do terceiro sector, colectivos diversos da cidade e veciñanza, para que habrá tamén propostas destinadas especificamente a público familiar.

Actividade 4. Exposición Mulleres de Gaza

Veciñanza moza e adulta da cidade, con interese na situación do pobo palestino.

Actividade 5. Obradoiros “Escola de Activismos”

Estará aberta a toda a cidadanía, pero serán principais destinatarias as persoas e colectivos migrantes. As metodoloxías de todos os obradoiros son aplicables a calquera outro colectivo social, polo que se fará un esforzo en convidar e implicar o tecido asociativo da cidade (colectivos feministas, LGTBIQ+, discapacidades, etc,...)

Coa finalidade de que desde a UAMI se podan facer derivacións, a entidade comprométese a facilitar á Unidade de Atención ás Migracións do Concello -a través do enderezo electrónico migracions@santiagodecompostela.gal - información detallada das datas, horario concreto e lugar de realización das diferentes actividades obxecto deste convenio, antes da realización das mesmas.

SEXTO.- CONTÍA DA AXUDA E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

O Concello de Santiago comprométese a subvencionar no ano 2026 a **COORDINADORA GALEGA DE ONG PARA O DESENVOLVEMENTO** coa cantidade de **19.000 euros** con cargo á aplicación orzamentaria **020-23103-4800001**, destinados a colaborar no financiamento do gasto que supón a realización das actividades indicadas no punto primeiro deste convenio (gasto desagregado na solicitude de subvención, no modelo CS006E/I, na páxina 5).

SETIMO.- A COORDINADORA GALEGA DE ONG PARA O DESENVOLVEMENTO, deberá dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto. En concreto, deberán facer constar, na súa publicidade ou na información que xeren en relación co proxecto ou actividade subvencionada, o financiamento do/s programa/s ou actividade/s obxecto do presente convenio, con fondos do Excmo. Concello de Santiago a través da UAMI. Para isto:

7.1. Nas dependencias da entidade e no lugar onde se realicen as actuacións obxecto desta subvención, deberá figurar, de forma visible, un cartel informativo en que apareza o anagrama e o lema *UAMI. Concello de Santiago*. A isto deberase engadir a lenda, de obrigada inclusión, de que dito programa ou actividade está financiada polo mesmo.

7.2.- Colocación do anagrama e o lema *UAMI. Concello de Santiago* en todo o material utilizado para a difusión pública das actividades obxecto deste convenio, así como nas páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión. A isto deberase engadir a lenda, de obrigada inclusión, de que dito programa ou actividade está financiada polo Concello.

OITAVO.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Considéranse gastos subvencionables, para os efectos previstos neste convenio:

8.1.- Aqueles que de feito indubidable responden á natureza da actividade/programa subvencionado e se realicen no prazo establecido nas bases reguladoras desta subvención. Considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado polo presente convenio

8.2.- As retribucións do persoal destinado á execución e desenvolvemento das actividades/programa subvencionados. Non serán subvencionables os gastos de persoal que non preste servizos directamente relacionados co desenvolvemento da actividade ou programa subvencionado.

8.3.- Gastos derivados de elaboración de materiais, gastos de publicidade e propaganda específicos do programa ou actividade, así como outros gastos correntes considerados estritamente necesarios para o desenvolvemento da actividade/programa subvencionable.

8.4.- En ningún caso son subvencionables gastos de manutención (comidas, servizos de restauración, etc) nin dietas relativas ao persoal que preste servizos no desenvolvemento do Programa.

8.5.- Non se consideran subvencionables aos efectos deste convenio os de adquisición de equipamento e material inventariable, nin gastos ordinarios de funcionamento que non estean asociados ao proxecto ou actividade subvencionada

8.6.- O orzamento desagregado onde constan os custos estimados dos conceptos do proxecto/actividade/ obxecto do convenio achéganse na Solicitud de Subvención, Modelo CS006E/I

NOVENO.- XUSTIFICACION E FORMA DE PAGAMENTO

O pago efectuarase nun único prazo previa xustificación dos gastos realizados e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención. Procederá a minoración do importe cando o orzamento executado teña un custe inferior ao inicialmente previsto, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente da actuación subvencionada. **O prazo de xustificación rematará o 30 de setembro de 2026.**

Para facelo efectivo é condición necesaria que a **COORDINADORA GALEGA DE ONG PARA O DESENVOLVEMENTO** presente no Rexistro Municipal do Concello de Santiago, **sempre tendo como data límite o 30 de setembro de 2026**, a seguinte documentación para a xustificación do convenio:

9.1.- Declaración responsable asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da Entidade na que se indique, baixo a súa responsabilidade ter cumprido o obxecto do presente convenio (**ANEXO I**).

9.2.- Unha memoria das actividades realizadas no proxecto (ANEXO II). Deberá xuntar á memoria unha reportaxe fotográfica e/ou audiovisual que reflicta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos medios de difusión utilizados. Ademais indicarse as páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública, e de ser o caso, referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social. En caso de que se elabore e/ou reparta algún tipo de material financiado con este convenio, deberá obter o visto bo da UAMI, tanto o deseño e contido como os criterios de reparto, e, posteriormente, deberá facerse entrega de polo menos dous exemplares á UAMI.

9.3.- Relación detallada de todas as subvencións ou axudas solicitadas, concedidas ou percibidas doutros axentes, outras administracións, entes públicos ou privados para a mesma finalidade, que se acreditará mediante Declaración responsable, asinada pola persoa representante legal da entidade (**ANEXO I**). No suposto que as actividades fosen financiadas, ademais de por este convenio, con fondos propios, outras subvencións ou recursos, deberá detallarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas consonte co **ANEXO III**. En ningún caso a contía da subvención só ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, poderá superar a totalidade do custo da actividade/programa subvencionada ao albor deste convenio.

9.4.- Relación detalla das facturas (na que deberá constar concepto, número de factura, data de expedición, data de pagamento, provedor e ordénante) ou documentos xustificativos que se presentan para a xustificación asinada pola/o titular ou pola/ representante legal da entidade segundo o **ANEXO III**, desagregadas por conceptos segundo o orzamento presentado pola entidade.

9.5.-Declaración da relación de nóminas/retribucións das persoas destinadas a desenvolver a actividade/programa subvencionado (ANEXO III).

9.6.- No momento da xustificación **deberase acreditar que a entidade está ao corrente nos pagos** coa Seguridade Social, Axencia Estatal da Administración Tributaria, facenda da Comunidade Autónoma e o propio Concello de Santiago mediante certificacións das administracións correspondentes.

A xustificación documental dos gastos imputados á subvención, realizarase por algunha das seguintes formas:

1.- Facturas oficiais, que se correspondan cos conceptos de gastos que figuran no apartado oitavo do presente convenio, todas elas referidas ao ano 2026, debendo acreditarse o seu pagamento, preferentemente, mediante xustificantes bancarios con anterioridade a data límite de xustificación.

As facturas deberán reunir, en todo caso, os requisitos previstos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, modificado polo Real Decreto 828/2013, do 25 de outubro e, no seu caso, coas particularidades previstas no artigo 20 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o valor engadido, respecto das exencións en operacións interiores. Concretamente: número de factura, data de expedición, obxecto do pagamento, a identificación da persoa pagadora e da destinataria do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emite a factura número de identificación fiscal do que expide a factura, e o domicilio de ambos. No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberán identificarse no documento de pagamento das factura das é obxecto.

As facturas relacionaranse detalladamente segundo o **ANEXO III**, desagregadas por conceptos consonte ao orzamento presentado pola entidade de acordo coa solicitude.

De presentarse **facturas pagadas en efectivo** (para aqueles gastos que pola súa natureza non poidan ser pagados baixo outra modalidade), o **importe máximo como xustificante do gasto admitido nesta modalidade de pagamento en metálico para os efectos de xustificación establécese en 300€** (trescentos euros) por factura (**ANEXO IV**). Non se admitirá, en ningún caso, o fraccionamento de determinados gastos para os efectos de respectar o límite establecido neste parágrafo.

2.- No caso de imputarse á subvención **gastos de persoal**, deberá achegarse:
- Copia do contrato do persoal destinados especificamente á actividade ou programa obxecto de subvención.

- Nóminas de dito persoal traballador e xustificante do seu pagamento mediante transferencia bancaria que deberá indicar nome da persoa, data de pagamento, o mes que se corresponde co dito pagamento, así como o concepto e o ordénante do pago.

- **Seguros sociais** e xustificante do seu pagamento-

- **Retención á conta do IRPF** e xustificante do seu pagamento por parte da entidade beneficiaria

- **Certificado da empresa no que se acrediten os custes de seguridade social e de empresa** asinado pola persoa titular ou pola persoa representante legal da entidade. En todo caso deberá acreditarme mediante declaración responsable de dita persoa, que o persoal obxecto de subvención está destinado a desenvolver o programa.

A XUSTIFICACIÓN DO PAGAMENTO DOS GASTOS IMPUTADOS, realizaranse dalgunha das seguintes formas:

- Preferentemente mediante **transferencia bancaria**, a través de copia do resgardo do cargo da mesma; e conterá, en todo caso, a data de transferencia, importe, concepto, número de factura, ordénante e provedor/a

- **Cheque**. Ademais da copia asinada, xustificante mediante copia de certificado bancario que deberá indicar a data do cargo en conta, número, destinatario e a entidade emisora.

- **Efectivo**. Acreditarase a xustificación do pagamento mediante factura na que deberá constar o selo da empresa, con indicación de “recibín ou pagado”, a sinatura e data de pagamento, NIF do/a provedor/a, así como unha declaración responsable asinada pola persoa representante legal da entidade, de que as mesmas foron pagadas integramente con cargo aos fondos da entidade beneficiaria.

- Para o caso de pagamentos realizados mediante **tarxeta de crédito/débito**, deberá achegarse a acreditación da titularidade da mesma, que deberá estar asociada á conta bancaria da entidade.

A contía a xustificar será polo importe total dos gastos realizados á data de presentación da xustificación do convenio e polos conceptos sinalados na cláusula 6ª.

DÉCIMO.- PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN DE XUSTIFICACIÓN

A entidade aterase á presentación da memoria e dos anexos que forman parte deste Convenio. Estes non conterán ningunha epígrafe ou parágrafo manuscrita, agás da sinatura, no seu formato orixinal sen emendas nin riscadas, que darían lugar á inadmisión da documentación.

A presentación realizarase electrónicamente, na sede do Concello de Santiago, dirixindo a documentación de xeito claro á Unidade de Atención ás Migracións -UAMI-. Ademais a entidade deberá remitir, pola vía telemática, os anexos do Convenio debidamente cumprimentados; deberá ser en formato de texto editable WORD (.doc ou .docx.) ao correo electrónico: migracions@santiagodecompostela.gal.

UNDÉCIMO.- O prazo de vixencia deste convenio é desde o 1 de xaneiro ata o 30 de setembro de 2026.

DUODÉCIMO.- O incumprimento das obrigas que se impoñen ao interesado levará consigo a restitución dos importes dos pagos da subvención que en cada caso se tivese efectuado.

DÉCIMO TERCEIRO.- Polo Concello poderá esixirse, aparte das condicións establecidas neste convenio, as fórmulas de xustificación de cumprimento de obrigacións que se estimen convenientes.

DÉCIMO CUARTO.- Con respecto aos libros e rexistros contábeis que deba levar a **COORDINADORA GALEGA DE ONG PARA O DESENVOLVEMENTO**, así como para reintegro de fondos, en caso de incumprimento e demais medidas de control e inspección, estarase ao disposto na lei 38/2003 xeral de subvencións e demais lexislación que no seu caso sexa de aplicación. Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

DÉCIMO QUINTO.- De conformidade ao disposto no artigo 70.3 do regulamento da Lei de Subvencións (RD 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido o prazo de xustificación sen que se teña recibido xustificación ningunha, remitirase un requirimento á entidade beneficiaria para que á presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo adicional dando lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas na lexislación aplicable ao respecto.

DÉCIMO SEXTO.- O importe da subvención especificada neste convenio, cando proceda o pago do mesmo, deberá ser ingresado no número de conta ES93 2080 5162 2630 4000 8762, no que se faga constar o BIC e o IBAN.

DÉCIMO SÉTIMO.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS E TRANSPARENCIA

A **COORDINADORA GALEGA DE ONG PARA O DESENVOLVEMENTO** é a responsable única e directa do tratamento dos datos de carácter persoal aos que puidera dar lugar a execución deste convenio e esta obrigada ao cumprimento das prescricións do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo relativo á protección das persoas físicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e garantía dos dereitos dixitais, no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, así como do resto de disposicións normativas que en materia de protección de datos se atopen en vigor á sinatura do convenio ou que poidan estalo durante a súa vixencia.

Darase cumprimento tamén das obrigas previstas pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e demais normativa de aplicación en particular ás obrigas de publicidade activa.

A entidade queda obrigada a recadar unha autorización, das persoas beneficiarias das actividades obxecto deste convenio, na que expresamente autoricen para que o persoal da UAMI do Concello poda dispor dos seus datos de contacto, coa única finalidade de realizar as comprobacións e verificacións oportunas en relación co obxecto deste convenio.

DÉCIMO OITAVO.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

Son causas de resolución deste convenio, de acordo coa lexislación vixente, o incumprimento de calquera cláusula establecida no mesmo, e concretamente:

- a) Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- b) Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio específico de colaboración.
- c) Mutuo acordo entre as partes.
- d) O vencemento do seu prazo.
- e) A declaración xudicial de nulidade do convenio.

DÉCIMO NOVENO.- CARÁCTER DO CONVENIO

O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa e está expresamente excluído do ámbito de aplicación da Lei, 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público segundo o sinalado no seu art. 6.2), sen prexuízo da súa posible aplicación con carácter supletorio.

A subscrición do presente convenio non implica en ningún caso relación laboral ou de calquera outra natureza entre o Concello de Santiago de Compostela e os profesionais, persoal voluntario, becario, etc da **COORDINADORA GALEGA DE ONG PARA O DESENVOLVEMENTO**, que desenvolvan accións obxecto do mesmo; polo que a entidade comprométese a manter ao Concello indemne de calquera reclamación, sen poder esixirlle en ningún caso ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria.

Non obstante o anterior, as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre este convenio, respecto da vixilancia e control, interpretación, resolución e efectos do mesmo, serán resoltas en última instancia administrativa pola Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa e contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, segundo establece o artigo 46.4 da Lei 29/1998, reguladora desta xurisdición. Para este efecto, será competente o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela.

Polo CONCELLO DE SANTIAGO

Pola COORDINADORA GALEGA DE ONG
PARA O DESENVOLVEMENTO

Asdo.: María Rozas Pérez

Asdo.: María Paz Gutiérrez